

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP “MANUEL FRAGA IRIBARNE”

CURSO: SEGUNDO

MATERIA: Educación Física

DATA: 4 de maio 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación   | Estándar de aprendizaxe   |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Buscar e presentar Información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.</li> <li>▪ EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.</li> </ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a.</li> <li>▪ EFB2.2.2. Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable.</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Coñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB5.1.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.</li> <li>▪ EFB5.1.2. Adopta hábitos alimentarios saudables.</li> <li>▪ EFB5.1.3. Incorpora á súa rutina diaria a actividade física como axente de saúde.</li> </ul> |

## 2. Avaliación e cualificación

|  |   |     |
|--|---|-----|
| <b>Avaliación</b>  | Procedementos:<br>Seguimento da participación do alumnado na aula virtual do colexio.<br>Comunicacions do alumnado a través das familias mediante email e AbalarMóbil |     |
|  | Instrumentos:<br>Informes de participación xerados pola plataforma moodle (aula virtual)<br>Evidencias recollidas a través de email e AbalarMóbil                     |     |
| <b>Cualificación final</b>   | Cualificación da segunda avaliación: 100%   |     |
|  | Incrementos da cualificación como valoración do traballo na terceira avaliación.  |     |
|  | <u>Para unha situación persoal sen dificultades:</u><br>Ata 3 puntos  |     |
|  | Accede ao curso da materia na aula virtual do colexio   | 33% |
|  | Participación activa, lee documentos e visualiza vídeos.  | 33% |
| Presenta algunha tarefa.   |   | 33% |
| <u>Para unha situación persoal con dificultades de diversa índole: limitacións de equipamento tecnolóxico, imposibilidade de apoio familiar, estado de saúde e/ou emocional que impida desenvolver o traballo:</u><br>Analizarase a situación coa familia co fin de consensuar unha calificación positiva para o alumnado, este aspecto quedará reflectido no informe final. |   |     |
| Valorarase o contacto habitual co mestre, ben directamente, ben a través da persoa titora, para aspectos relacionados coa área.  |   |     |

| <b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b> |   |
|--|---|
| <b>Actividades</b>   | <p><b>Unidades didácticas integradas:</b></p> <p><b>1.- Dereita – esquerda.</b><br/>Contidos relacionados coa lateralidade.<br/>Actividade física: hip-hop</p> <p><b>2.- O meu corpo.</b><br/>Ósos e músculos<br/>Actividades interactivas.<br/>Actividade física: zumba</p> <p><b>3.- Alimentación e saúde.</b><br/>Dieta e alimentación saudable.<br/>Actividade de investigación.<br/>Actividade física: loga</p> <p>O deseño das unidades didácticas pode verse no curso da materia no espazo alumnas e alumnos da aula virtual do colexio en <a href="http://av.colecarino.net">av.colecarino.net</a></p>  |
| <b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>   | <p>Optarase por metodoloxías de acompañamento e guía do alumnado durante a aprendizaxe en período de confinamento. A relación co alumnado establecerase de xeito principal mediante o uso da aula virtual do colexio. Como alternativas habilítase un email para a comunicación e recepción de tarefas.</p> <p><b>Alumnado sen conectividade:</b><br/>Ofrecerase a posibilidade de recibir os documentos e tarefas a través de abalarmóbil ou email. O envío de tarefas ou a realización en papel será voluntaria para o alumnado.<br/>No momento da redacción deste documento estase a preparar o envío de equipos informáticos ás familias o que soliciten.</p> |
| <b>Materiais e recursos</b>  | <p>Aula virtual do colexio en <a href="https://av.colecarino.net">https://av.colecarino.net</a></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Documentos en formato digital.</li> <li>• Vídeos seleccionados de Internet.</li> <li>• Actividades interactivas de elaboración propia ou de terceiros.</li> </ul> <p>Recurso que o alumnado ten dispoñible nos seus fogares.</p>   |

#### 4. Información e publicidade

|  |  |
|--|--|
| <b>Información ao alumnado e ás familias</b> | Publicación no curso correspondente da aula virtual do colexio.<br>Incorporación á circular que enviará a persoa titora mediante AbalarMóbil |
| <b>Publicidade</b>                           | Publicación na portada do sitio web oficial do colexio: <a href="http://colearino.net">http://colearino.net</a>                              |